



NOTA DE PRENSA

O Colexio de Avogados de Santiago presenta a terceira edición da xornada Xustiza e Lingua

Terá lugar o mércores 18 de novembro e tentará achegar novos puntos de vista acerca do proceso normalizador da lingua galega na xustiza.

[27/10/2009] O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organiza a terceira edición da xornada “**Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización**”.

A xornada, que está dirixida principalmente aos diferentes colectivos profesionais que interveñen no ámbito da xustiza, terá lugar o vindeiro mércores **18 de novembro, ás 19:00 h** no salón de actos do colexio de avogados compostelán. Haberá un límite máximo de 100 prazas e entregaráselles un certificado de asistencia a todas as persoas asistentes.

Coma en anos anteriores, o obxectivo principal desta edición será o de reflexionar acerca do proceso de normalización que se está a vivir no ámbito da xustiza. Para iso a xornada contará coa participación de destacados profesionais e especialistas dos eidos xurídico e lingüístico que achegarán as súas experiencias e puntos de vista sobre o uso do galego no exercicio xurídico.

A xornada Xustiza e Lingua será abordada dende catro ámbitos diferentes pero á vez complementarios:

Ámbito institucional:

- *“Bilingüismo e liberdade lingüística no ámbito da Administración de Xustiza”*

Relator: D. **Xesús Palmou Lorenzo**, avogado non exercente, conselleiro do Consello de Contas de Galicia e ex conselleiro de Xustiza

Ámbito da avogacía:

- *“Experiencias do uso da lingua galega no eido xurídico: problemas e perspectivas”*

Relator: D. **Xoaquín Monteagudo Romero**, avogado (colex. 921 do CA de Santiago) e presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

Ámbito da xudicatura:

- *“O galego na Administración de Xustiza: marco normativo e realidade práctica”*

Relatora: D.ª **Ana López-Suevos Fragueta**, maxistrada do Xulgado de Instrución Número 1 de Santiago de Compostela

Ámbito lingüístico:

- *“A terminoloxía na normalización do galego na xustiza”*

Relator: D. **Manuel González González**, catedrático de Filoloxía da USC e secretario da Real Academia Galega

O acto, que será presidido polo decano do colexio compostelán, **Evaristo Nogueira Pol**, contará coa presenza e a intervención do secretario xeral de Política Lingüística, **Anxo Lorenzo Suárez**.

No inicio da xornada tamén está prevista a presentación de novos recursos web elaborados polo servizo lingüístico do colexio de avogados co fin de favorecer o uso do galego no ámbito da avogacía.